



Guía de tramitación

PEL REACTIVA

CONCELLO DE CAMARIÑAS

INDICE

- **Información: Bases da Convocatoria**
 - Requisitos
 - Obrigas
 - Baremo
 - Gastos subvencionables
 - Importes das axudas
- **Tramitación na sede electrónica**
 - Onde se tramita
 - A solicitude
 - A documentación a xuntar na solicitude
 - Resolución e xustificación das axudas
- **Anexos**
 - Declaración compromiso de uso da lingua galega
 - Declaración de axudas obtidas
 - Anexo A.1 Resumo datos de redución ingresos (só para Grupo II)
 - Anexo A.2 Cadro resumo para a fase de xustificación

INFORMACIÓN BASES DE CONVOCATORIA

Requisitos de Autónomos/as e microempresas*

* MICROEMPRESAS

Empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de €

EXCLUSIÓNS

As asociacións, as comunidades de propietarios, en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas, organismos públicos, entes dependentes, as congregacións e institución relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens, as herdanzas xacentas así como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta

- Con domicilio fiscal no Concello de Camariñas
- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e coa TGSS.
- Non ter débeda ningunha có concello.
- Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa CC. AA. de Galicia e coa Deputación da Coruña.
- Cumprir coas obrigas establecidas na base 14 da Bases de convocatoria.
- No caso de persoas físicas: Estar dado de **alta** no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, con **anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo**.
- No caso de persoas xurídicas. A **data de constitución** da empresa, atendendo á data de primeira inscrición, no rexistro público correspondente, debe ser **anterior á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo**.

Ademais debe atoparse en **calquera destas tres situacións**

ORDE DE PRIORIDADE

Terán prioridade para a concesión, os/as solicitantes pertencentes ao grupo I Seguidos dos do Grupo II e despois ao do Grupo III, por orde de puntuación, ata esgotar o crédito dispoñible para esta axuda. O Concello de Camariñas dispón dun orzamento total de 102.516,72€ para estas axudas

Grupo I: Que se visen **afectados polo peche** en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.

Grupo II: Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa **facturación no segundo trimestre fiscal de 2020** se vira reducida, polo menos, **nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma**. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

Grupo III: Que se viran na **obriga de acollerse a un ERTE** (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.

OBRIGAS

SÓ UNHA SOLICITUDE POR ENTIDADE

Cada autónomo/as ou entidade poderá presentar só unha solicitude de axuda

Debe presentarse no Concello onde teña domicilio fiscal a empresa

- Os/as beneficiarios/as están obrigados a **PERMANECER EN ALTA** no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia/ Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais ou no caso das microempresas, **A MANTER A MESMA FORMA XURÍDICA POLO MENOS 3 MESES DENDE A FINALIZACIÓN DO PERÍODO SUBVENCIÓNABLE. (31 MARZO DE 2021)**
- Declarar no momento de presentación da solicitude que **non presenta máis dunha solicitude por entidade ou persoa física (autónomo/a)**. No caso de que o solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que teña solicitado outra subvención na presente convocatoria.
- Cumprir coa normativa de mínimos e non superar os límites establecidos na normativa para o seu sector, se esta resultase de aplicación.
- **Declarar** a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais e acreditar que a suma de todas elas non supera o límite de 40.000 €.
- Comunicar de inmediato ao concello calquera modificación que puidera afectar a algún dos gastos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte do Departamento responsable das axudas.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos establecidos nas Bases e na convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal

- **Dar publicidade**, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento da actividade realizada, figurando expresamente nun lugar visible do centro de traballo, logotipo do Concello, da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.
- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e de finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar o concello, como outros órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios.
- Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poidan solicitar os servizos de control interno municipal do concello.
- Someterse ao control financeiro, ben sexa exercido polo órgano interventor municipal, ben polo órgano interventor da Deputación.

BAREMO

1.	Tipo de empresa <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i> (Máximo 10 puntos)	Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 6 e 9 asalariados	10
		Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa entre 2 e 5 asalariados	8
		Empresario/a individual (autónomo/a), e empresa cun só asalariado/a	6
		Empresario/a individual (autónomo/a) sen asalariados	5
2.	Forma xurídica da empresa (non autónomos) <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i> (Máximo 8 puntos)	Enmarcada na economía social: cooperativas e sociedades laborais	8
		Outras con personalidade xurídica	6
3.	Nº mulleres contratadas ¹ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i> (Máximo 5 puntos)	Entre 6 e 9	5
		Ata 5	3
4.	Nº persoas discapacitadas contratadas ² <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i> (Máximo 5 puntos)	Entre 6 e 9	5
		Ata 5	3
5.	Nº menores de 30 anos contratados/as ³ <i>Datos referidos á data de publicación da convocatoria</i> (Máximo 5 puntos)	Entre 6 e 9	5
		Ata 5	3
6.	Emprego da lingua galega (Máximo 2 puntos)	Emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita	2

1 Deberá computarse o número de traballadores/as contratados/as a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación a xornada completa.

2 Deberá computarse o número de traballadores/as discapacitados/as contratados/as a tempo completo. No caso de contratacións a tempo parcial, computaranse con relación á xornada completa.

En caso de empate, priorizaranse como criterios de desempate, os seguintes:

1.º. N.º mulleres contratadas.

2.º. N.º persoas discapacitadas contratadas.

3.º. N.º menores de 30 anos contratados

4.º. Empresas de economía social.

5.º Data e hora de presentación da solicitude

GASTOS SUBVENCIONABLES

O período subvencionable abarcará dende o 1 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

Conta	Concepto
601	Compra de material Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza
621	Arrendamentos e canons Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo *O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2.º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou participe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Así mesmo, exclúense os espazos de coworking. *O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.
622	Reparación e conservación Adaptación de locais ás medidas de protección fronte á COVID-19 (biombos de protección, etc). Gasto directo
625	Primas seguros Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo
628	Subministracións Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo

IMPORTE DAS AXUDAS

O importe da subvención será fixo, e determinarase conforme aos seguintes criterios:

- a) Traballadores/as por conta propia ou autónomos, **sen traballadores/as** ao seu cargo, afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma: **1.500 €**
- b) Traballadores/as por conta propia ou autónomos **con traballadores/as** ao seu cargo e microempresas afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que **non se visen afectados polo peche** pero cuxa **facturación segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun**


75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou que se **visen na obriga de acollerse a un ERTE**, atendendo ao seguinte:

- **Un só traballador/a: 2.000,00 €.**
- **Entre 2 e 5 traballadores/as: 2.500,00 €.**
- **Entre 6 e 9 traballadores/as: 3.000,00 €.**


Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas, e ata un máximo de 40.000 €. O importe de axuda a conceder será minorada na cantidade que exceda deste límite.

TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA

ONDE SE TRAMITA?





- Únicamente na [sede electrónica do Concello de Camariñas](#). Podes acceder tal como se mostra nas imaxes laterais ou directamente neste [enlace](#)



- Primeiro accedese a esta sede e ao trámite de “Solicitud de ayudas PEL - REACTIVA”.



- Debes picar en INICIAR TRÁMITE. Podes acceder á tramitación si tes sinatura electrónica instalada no ordenador ou si accedes polo [sistema cl@ve](#).



A SOLICITUDE

SÓ UNHA SOLICITUDE POR ENTIDADE
 Cada autónomo/as-entidade que cumpra os requisitos poderá presentar só unha solicitude de axuda. Debe presentarse no Concello onde teña domicilio fiscal a empresa.

- Unha vez iniciado o trámite na sede: pique en **Solicitude** e cubre os datos do **Formulario de Solicitude** e os datos bancarios do/a solicitante (**IBAN**)
- **O PRAZO DE SOLICITUDE REMATA O 25 DE NOVEMBRO ÁS 14:00 HORAS**




A DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE

LEMBRE
 Toda a documentación que se suba á sede electrónica debe ser **asinada dixitalmente**.

- Despois debe subir á sede a **documentación adicional**: **asinado os documentos electronicamente** :

NIF/NIE/CIF segundo corresponda

DECLARACIÓN RESPONSABLE que debe descargarse a plantilla e **e asinar dixitalmente** para finalmente subir no espazo (examinar) que se indica.



CERTIFICADO

Nesta declaración debe picar o **Grupo ao que pertence**

Grupo I: Autónomos e microempresas que se visen **afectados polo peche** en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo

Grupo II: Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa **facturación** no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira **reducida, polo menos, nun 75%** en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do

estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

Grupo III: Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal e Empleo), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.

E tamén picar nas **condicións** que cumpre a súa empresa:

*Os e as autónomas non deben sinalizar nada no apartado da declaración responsable referido a **Forma xurídica**, xa que son persoas físicas e non xurídicas*

*Lembre que **a contratación que computa é a persoas traballadoras por conta allea**. No caso de contratos a tempo parcial computarase a porcentaxe equivalente con relación ao contrato a tempo completo. Exemplo dous contratos a tempo parcial do 50% computase como 1 contrato a tempo completo*

O emprego da lingua galega debe xustificarse cunha declaración xurada. Facilitamos un modelo para ser utilizado

Exclusións

Quedan expresamente excluídas destas axudas as asociacións, as comunidades de propietarios, entes dependentes, as congregacións e institucións relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens, as herdanzas xacentes así como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta.

A PERSONALIDADE XURIDICA AMOSARASE CO NIF "J" OUTORGADO POLA AXENCIA TRIBUTARIA Á SOCIEDADE CIVIL OU COMUNIDADE DE BENS

CERTIFICADO ACTUALIZADO DE SITUACIÓN CENSAL DA AEAT

INFORME ACTUALIZADO DA VIDA LABORAL DA EMPRESA no que se inclúa o número de traballadores/as

SE A EMPRESA PERTENCE AO GRUPO II

Acreditación da redución dun 75% dos ingresos comparando as medias do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma e o segundo trimestre natural do 2020. Pódese xustificar algún dos seguintes documentos: **copia do libro de rexistro de facturas, libro diario de gastos, libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos, ou declaración de IVE ou IRPF.**

Tamén ten que **xuntarse o Anexo A.1** resumo demostrativo do descenso de ingresos

SE A EMPRESA PERTENCE AO GRUPO III

Documento acreditativo da concesión da prestación extraordinaria por cese de actividade ou **da concesión do ERTE** no caso de que proceda

LEMBRE PARA O GRUPO II


Conta cun **Anexo A.1** para resumir os datos que amosan o descenso do 75% de ingresos.

Este anexo deberá acompañarse da documentación xustificativa. Podes [descargar aquí este anexo](#)

MODELOS DE DECLARACIONES ASINADAS DIXITALMENTE

Podes descargar aquí

[modelo de declaración uso de galego](#),
[modelo de declaración axudas](#)

**OUTRA DOCUMENTACIÓN**

Neste apartado debe incluírse

- [Declaración de uso do idioma galego](#)
- [Declaración de axudas](#) obtidas por outras administracións/entidades
- Acreditación da concesión de prestación extraordinaria por cese de actividade: contratos... (no seu caso)
- Documentación acreditativa das persoas contratadas (menores de 30 anos, mulleres ou discapacitadas)
- No caso de Comunidade de bens ou Sociedades Cívís, documento acreditativo de ter personalidade xurídica
- No caso de sociedades/persoas xurídicas, escritura/contrato de constitución.
- Acreditación de poderes da persoa que presenta a solicitude
- Documento de non ter débedas contraídas coa Administración Tributaria de Galicia

Finalmente PICAR EN PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE.

Deberá asinarse dixitalmente, dándose por presentada a solicitude.

RESOLUCIÓN E XUSTIFICACIÓN

- As solicitudes recibidas baremaranse segundo a puntuación establecida nas bases. **No caso de empate**, priorizarase por **data e hora rexistrada na sede** electrónica de Camariñas .
- Notificarase a resolución de concesión ás solicitudes coa cantidade concedida, podendo xustificar gastos realizados ata final do ano 2020.

PAGO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

O importe da subvención debe xustificarse con:

- **Facturas electrónicas e xustificante dos pagos** realizados (electronicamente), ou facturas escaneadas e documentos contables de valor probatorio equivalente.
- No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente especificados, deberán entregar un **documento aclaratorio do seu contido**, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

NA XUSTIFICACIÓN

Conta cun **Anexo A.2** para resumir os datos de facturas e comprobantes do pagos realizados ata o 30 de decembro de 2020

Podes [descargar aquí este anexo](#)

- Tense que xuntar o **Anexo A.2** que resume os datos de facturas e comprobantes de pagamento bancarios

A DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN

O prazo para xustificar os gastos subvencionas terá como data máxima o **31 de marzo de 2021**.

A xustificación conterà como mínimo a seguinte **documentación**:

- **Facturas e xustificantes de pagamento** como se establece no punto anterior
- No caso de seren necesario, xuntarase **documento aclaratorio do contido das facturas** e os conceptos subvencionables
- **Xustificante de publicidade** realizada conforme á Base 14ª punto 10 das bases de convocatoria
- **Xustificante de manter a alta de autónomos e/ou empresas con ata de 31 de marzo de 2021** (para entrega neste momento)

ANEXOS

- [Declaración de emprego de lingua galega](#)
- [Declaración de axudas obtidas](#)
- [Anexo A.1](#) Resumo de descenso ingresos (só para grupo II)
- [Anexo A.2](#) Na fase de xustificación. Resumo de xustificantes

DECLARACIÓN E COMPROMISO DE EMPREGO DO IDIOMA GALEGO

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Razón social	NIF/DNI/CIF
Enderezo fiscal	Concello
	CAMARIÑAS
Teléfono	Enderezo electrónico

Na súa representación

Nome e apelidos	DNI/NIE

DECLARA E SE COMPROMETE

A empregar a lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que solicita as axudas PEL - REACTIVA CONCELLO DE CAMARIÑAS, tal como se establece nas bases de convocatoria destas axudas.

Asinado dixitalmente

DECLARACIÓN DE OBTENCIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS**DATOS DE IDENTIFICACIÓN**

Razón social	NIF/DNI/CIF
Enderezo fiscal	Concello
	CAMARIÑAS
Teléfono	Enderezo electrónico

Na súa representación

Nome e apelidos	DNI/NIE

DECLARA

Que obtivo as seguintes Axudas e subvencións procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais e acredito que a suma de todas elas non superan o límite de 40.000€

ENTIDADE	Nº IDENTIFICACIÓN	CONTÍA	ANO
Total			

Asinado dixitalmente

Anexo A.1-

RESUMO DE DATOS DA REDUCIÓN DE INGRESOS ASINADO ELECTRONICAMENTE

DATOS DO/A SOLICITANTE

Razón social	NIF/NIE/CIF
Teléfono de contacto	Correo electrónico de contacto

Esta empresa pertence ao **Grupo II** de beneficiarios xa que a facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 (de abril ata xuño de 2020) se vira reducida, polo menos, nun **75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma** (dende outubro de 2019 a marzo de 2020).

Documentación xustificativa que presenta. Marque a opción que corresponda

- Copia do libro de rexistro de facturas
- Libro diario de gastos
- Libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos
- Declaracións de IVE
- IRPF.
- Outros (especificar) _____

RESUMO DE DATOS DA REDUCIÓN DE INGRESOS:

segundo trimestre fiscal 2020		INGRESOS (facturación)
	Abril 2020	
	Maio 2020	
	Xuño 2020	
	TOTAL A	
	MEDIA DE INGRESOS A	
Semestre natural anterior estado alarma		INGRESOS (facturación)
	Marzo 2020	
	Febreiro 2020	
	Xaneiro 2020	
	Decembro 2019	
	Novembro 2019	
	Outubro 2019	
	TOTAL B	
	MEDIA DE INGRESOS B	
	% REDUCIÓN DE INGRESOS (mínimo 75%)	

Este documento debe ser asinado dixitalmente

Anexo A.2- CONTA XUSTIFICATIVA DAS AXUDAS PEL-REACTIVA CONCELLO DE CAMARIÑAS 2020

Don/Dona _____ con DNI/NIE _____,
 en representación da empresa _____ con CIF/NIF _____,
 con enderezo en _____ Parroquia _____ de Camariñas

En relación coa subvención **CONCEDIDA da axuda PEL REACTIVA 2020 do Concello de Camariñas**, presenta a seguinte relación clasificada de gastos subvencionables e documentos bancarios xustificativos de pagamento.

Engada na táboa cantas filas sexan necesarias para incluír todos os xustificantes que presenta.

Concepto	DATOS DA FACTURA					DATOS DO XUSTIFICANTE DE PAGO			
	Acredor (nome e CIF)	Nº Factura	Data emisión	Importe sen IVE	Importe con IVE	Data	Forma de pago	Código Identificación	Importe factura
	Total					Total			

Xuntase copias das facturas e xustificantes de pagamento que se relacionan nesta conta

Sinatura electrónica da persoa solicitante ou representante